

XORNADAS

Montes, territorio e paisaxe

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
27 e 28 de setembro de 2018



A organización do territorio constitúe un dos factores da identidade galega, como teñen sinalado diversos estudosos e intelectuais, e de modo particular os membros da Xeración Nós, comezando por Ramón Otero Pedrayo, para quen a paisaxe está formada non só pola aparencia que na superficie adoptan os feitos xeográficos, senón tamén polas estruturas comunitarias e por valores de tipo espiritual e cultural que as persoas senten como algo propio, un patrimonio que dá sentido ás súas vidas e que lles serve para entender “a xeografía afectiva” das familias que se sucederon en aldeas e parroquias.

E desas estruturas comunitarias formaban parte os montes, unha parte substancial do espazo galego, xestionados ao longo do tempo de modo colectivo e, sen dúbida, eficiente, pois doutro xeito non se conservarían durante séculos. A integración do monte na pequena explotación labrega é un feito ben coñecido e tamén o son os cambios que se produciron nas últimas décadas, coa desaparición dos campesiños, e os novos modos de aproveitamento das terras, así como o despoboamento e abandono de labranzas e montes. A estes procesos, que teñen resultados moi diferentes no territorio, engádense os novos valores patrimoniais que adquire a paisaxe (recollidos parcialmente na nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia), a necesidade da súa protección e a crecente capacidade dos diversos poderes públicos de intervir na ordenación do territorio mediante plans de alcance diverso, construción de infraestruturas e medidas legislativas que afectan aos usos dos diferentes espazos. Estas xornadas están orientadas precisamente ao estudo e debate do protagonismo que están acadando os montes como soporte dun patrimonio variado e como peza fundamental na ordenación do territorio, e completan en certo modo as realizadas hai agora un ano, nas que os montes se analizaron máis ben desde unha perspectiva histórica.

PROGRAMA

XOVES, 27 DE SETEMBRO

Sesión da mañá

9:30 horas

Inauguración

10:00 horas

Os montes galegos: unha lectura arqueolóxica

Felipe Criado Boado, profesor de Investigación do CSIC e director do INCIPIT

10:45 horas

Homo fugiens: da patrimonialización do ermo ás poéticas da fuxida

Federico López Silvestre, profesor de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela

11:15 horas

A paisaxe dos Ancares: tres miradas a un mesmo territorio

Vanessa Fernández, doutora en Xeografía e profesora no centro asociado da UNED de Lugo

11:45 horas

Pausa

12:15 horas

O monte, ben cultural artellador da "paisaxe cultural" galega

Iago Seara Morales, arquitecto, profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

13:00 horas

Debate

Sesión da tarde

16:30 horas

Infrestrutura, trama territorial e fluxos ecosistémicos (conexión ecolóxica-territorial)

Santiago Hernández Fernández, catedrático de Proxectos e Enxeñaría Medioambiental na Escola Politécnica da Universidade de Extremadura

17:30 horas

Os retos para a paisaxe das obras lineais de nova construción

Carlos Nárdiz, profesor de Urbanismo e Ordenación do Territorio na Escola de Arquitectura da Coruña e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

18:15 horas

Mesa redonda

Infraestrutura e territorio

Coordina: **Carlos Nárdiz**

Santiago Hernández Fernández

Carlos Lefler, xefe da Área de Planificación e Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas, Xunta de Galicia

Teresa Nieto, arquitecta e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

Iago Seara

VENRES, 28 DE SETEMBRO

Sesión da mañá

10:00 horas

Factores e dinámicas nas paisaxes da montaña

Augusto Pérez Alberti, catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela

10:45 horas

Desestruturación do medio rural e mudanzas nos usos do monte: Que alternativas hai fronte ao problema do abandono

Edelmiro López Iglesias, profesor titular do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela

11:15 horas

Cambios produtivos, desarticulación e reinvencción dos Montes Veciñais en Man Común

Ricardo Suárez García, investigador da Universidade Pablo de Olavide

11:45 horas

Descanso

12:15 horas

Mesa redonda

Vellas paisaxes, novas paisaxes e procesos de elaboración dos atlas e catálogos das mesmas

Coordina: **Rebeca Blanco Rotea**,
coordinadora da Sección de Patrimonio e
Bens Culturais do CCG

Eduardo Corbelle Rico, profesor de
Enxañería Agroforestal da USC

María Dolores Domínguez García,
profesora do Departamento de
Economía Aplicada, Pública e Política,
Universidade Complutense de Madrid

José Manuel López Andi3n, profesor
titular de Xeografía da Universidade de
Santiago de Compostela

Antonio Mart3n Cortizas, catedr3tico
de Edafolox3a e Qu3mica Agr3cola da
USC e membro da Secci3n de
Patrimonio e Bens Culturais do CCG

13:15 horas

Debate

14:00 horas

Clausura

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COLABORA

Proxecto HAR2014-52667-R. "El monte comunal en Galicia desde comienzos de la Edad Moderna a la actualidad: de soporte de un <viejo complejo agrario> a recurso mediambiental y patrimonio paisajístico", Ministerio de Economía y Competitividad
Universidade de Santiago de Compostela

COORDINA

Pegerto Saavedra Fernández
Iago Seara

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705, Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRIPCIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás Xornadas.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA

